

**CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E KYOWA KIRIN, PARA A REALIZACIÓN DE FOROS "O EXPERTO RESPONDE" SOBRE "HIPOFOSFATEMIA LIGADA AO CROMOSOMA X (XLH)" e "LINFOMA CUTANEO DE CELULAS T (CTCL)"**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, entidade instrumental adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde, e "Kyowa Kirin Farmacéutica, S.L.", formalizaron o 7/3/22 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización e gravación de dous Foros: "O experto responde" sobre "Hiposfatemia ligada ao cromosoma X" (XLH) e "Linfomas cutáneos de células T" (CTCL).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no establecemento dunha colaboración para a elaboración e desenvolvemento de contidos formativos para pacientes nas materias indicadas anteriormente, e na difusión de recomendacións para a mellora da súa calidade de vida, a través da gravación e edición de contidos online con formato de foros "O experto responde".

Para tal efecto, KYOWA está interesada en colaborar mediante o financiamento das actividades descritas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse adecuadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.